



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DE 3 GUÍAS DE TURISMO, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E DE FIXACIÓN DE CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN

En reunión virtual celebrada ás 12:30 do día 23 de marzo do 2023, reúnense as seguintes persoas que compoñen o tribunal cualificador do presente proceso selectivo:

Presidente: Xurxo Martínez González

Secretaría: María Elena Becerra García

Vogais: Olalla Casanova Fernández e Ana Barreiro Rivas

O presidente declara válidamente constituído o Tribunal

O obxecto desta sesión é a de, ademais de constituírse como tribunal, determinar varios asuntos relacionados coa realización do exercicio da fase de oposición.

Segundo o establecido na Resolución de Alcaldía núm. 2023-0772 con data do 22 de marzo do 2023, as persoas admitidas no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 guías de turismo quedan convocadas para a realización da proba práctica da fase de oposición **o día 27 de marzo do 2023 ás 11:30h** no Multiúsos da Xunqueira (Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela).

O tribunal decide:

- A-** As persoas aspirantes terán 30 minutos para a realización dunha ou varias probas teóricas. As probas desenvolveranse por escrito e exponse obrigatoriamente ante o órgano de selección. Estes exercicios terán relación coas funcións propias do posto e en relación cos temas establecidos nas bases reguladoras do proceso de selección.
- B-** Establecer como criterios xerais de valoración da proba:
 - 1. Nivel de coñecemento actualizado da contorna local: 4 puntos.
 - 2. Nivel de coñecemento dos recursos turísticos: 4 puntos.
 - 3. Claridade da exposición: 2 puntos.
- C-** Non se poderá acudir á proba práctica con ningún tipo de material (folios, textos legais, apuntamentos etc.), nin con dispositivos electrónicos.
- D-** As persoas aspirantes **expoñerán de maneira obrigatoria a proba ou probas** ante o órgano de selección. **A lectura farase xusto despois de rematar a proba.**

E sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión, sendo as 13:00 da data fixada no encabezamento, de todo o que, como secretaria do Tribunal, dou fe.

